

Producción Percebe



Mm
MANUAL DE FORMACIÓN
PARA O MARISQUEO

- ¿Como nacen os percebes?
- ¿Que comerán os percebes?
- E logo ¿como podemos ter máis percebes?
- ¿Respiran?

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PESCA E
ASUNTOS MARÍTIMOS

Dirección Xeral de Innovación e
Desenvolvemento Pesqueiro



Coordinación:

José Antonio García Villanueva
Matilde Alonso Acosta
Antonio Rodríguez Fernández
Beatriz Villar Cedrón

Autores:

Montserrat Castro Vázquez
Belén Escariz Pérez
M^a Visitación Iturralde de la Fuente
Salvador Lago Cordo
M^a Luz Lamas Ferreiro
M^a José Lopez Barral
Félix Lorenzo de Dios
Esperanza Martínez Bouzas
M^a do Carmen Novoa Valiñas
Maximina Pereira Rodríguez
María Rioboo San Luis
M^a Anxeles Santorum Pérez

Supervisión:

Elisa Gago Moldes
Jesús Pérez Alén
Juan Codesido Villar
Concepción Blanco Louro

Debuxos:

Tangaraño

Deseño e maquetación:

Ninfa e Riveiro

Fotomecánica:

Resolución

Impresión:

Litonor

D.L.: C-2664-2002
ISBN: 84-453-3372-0

Agradecimentos: A tódalas persoas que contribuíron cos seus coñecementos e aportacións a realización deste manual .

PERCEBE

Preguntas introductorias

¿Que comerán os percebeos?
¿Respiran?

E logo, ¿como podemos ter máis percebeos?

¿Como nacen os percebeos?

a) OS CRUSTÁCEOS: ECOLOXÍA, ANATOMÍA E BIOLOXÍA.

O percebe (de nome científico *Pollicipes pollicipes*) é un crustáceo que se atopa pegado ás rochas en zonas moi batidas polo mar ó longo de todo o litoral galego.

Vive formando grupos, piñas ou moreas de individuos compostas de exemplares que teñen distintos tamaños, ocupando tanto a zona intermareal como submareal das rochas.

¿Como é un percebe?



No percebe podemos diferenciar dúas partes: o **CAPÍTULO** ou **UÑA** e o **PEDÚNCULO** ou **PÉ**:

A UÑA

A uña do percebe está formada por seis placas grandes e outras máis pequenas unidas a xeito de dúas conchas ou escudos que se poden abrir e pechar polos lados.

Ten dúas funcións:

- Protexe-lo percebe dos depredadores.
- Impedir que se seque durante a baixamar.

Dentro da uña atopamos:

- O **músculo aductor**, que é o que abre e pecha a uña.
- Os **cirros**, que parecen pequenas plumiñas. Son en realidade as patas do animal, pero, ó vivir pegado ás rochas, os cirros perderon a función de patas e sérvenlle ó percebe para recolle-lo alimento da auga e levalo á boca.
- O **aparato dixestivo**, que comeza na *boca*, onde unhas pequenas pezas mastigan o alimento, segue no *esófago*, *estómago*, *intestino* e remata no *ano*, por onde expulsa os restos non aproveitados da dixestión.
- O **aparato reproductor masculino**, que está formado por dúas bolsas nas que se producen os espermatozoides. Estas bolsas xúntanse nun tubo que chega ata o *pene*, que é o encargado de transporta-los espermatozoides no momento da reprodución.

O PÉ

É a parte do animal que se come. Ten unha cor escura e está formado por unha pel máis dura a xeito dunha cota de malla cuberta de pequenas escamas. O pé pódese encoller, estirar e moverse en tódalas direccións. Por medio del, os percebes están pegados ás rochas durante toda a súa vida.

Dentro do pé atopamos:

- O **aparato reproductor feminino**, formado por dous ovarios que se xuntan nun tubo que chega ó interior da uña. Nos ovarios fórmanse os óvulos, que serán fecundados no momento da reprodución.
- As **glándulas do cemento**: son as encargadas de fabrica-la cola que mantén o animal fixo ás rochas.
- A **musculatura**: a maior parte do pé está ocupada por músculos que lle permiten ó percebe realiza-los seus movementos, formando así a parte carnosa do animal.

Tanto a lonxitude como o grosor do pé é diferente dependendo do lugar no que se atope o percebe. Así...

... nos lugares onde o mar bate máis forte, o percebe é máis curto e goso e a carne é máis consistente, polo que son os máis apreciados.

... nos lugares nos que a forza do mar é menor, como as fendas, os percebeos son máis longos e estreitos, teñen menos carne e máis auga no interior e a calidade é menor.

¿Como é a vida do percebe?

Como tódolos demais animais, o percebe aliméntase, medra e reproducése.

A ALIMENTACIÓN DO PERCEBE

A alimentación do percebe está constituída polo fitoplancto e o zooplancto que hai na auga mariña. Como a súa posición é fixa, ten que facer unha serie de movementos para procura-lo alimento. Así, o percebe abre a uña, estende os cirros e, movéndoos rapidamente, atrapa con eles o alimento. Logo os cirros ábrense cara ó interior da uña, introducindo o alimento na boca do animal.



A RESPIRACIÓN

No percebe non hai ningún órgano como as branquias dos peixes ou os nosos pulmóns para respirar. Nestes animais a respiración realízase por toda a superficie do pé e a cara interna da uña, principalmente na parte baixa dos cirros.

A REPRODUCCIÓN

A reprodución dos percebeos é de tipo sexual, é dicir, que se ten que produci-la unión de óvulos e espermatozoides para que naza un novo individuo. A esta unión de óvulos e espermatozoides chámase FECUNDACIÓN.

Os percebeos son hermafroditas, o que quere dicir que cada un ten un aparato reprodutor feminino (no pé) e outro masculino (na uña), como xa vimos. Por este motivo, poderíamos pensar que un só exemplar é quen de reproducirse por si só.


Pero iso non é así, xa que os óvulos e os espermatozoides non maduran á vez, e o percebe funciona como macho ou femia en momentos distintos.

Hai dúas épocas reproductivas:

A primeira, nos meses de febreiro, marzo e principios de abril, na que se reproducen entre o 10 e o 20% dos exemplares adultos.

A segunda, que é a máis importante, comeza ó principio do verán e remata a finais de outubro, participando nela tódolos adultos.

¿Como se realiza a reprodución?



CICLO BIOLÓXICO DO PERCEBE

A CÓPULA

No momento da reprodución, o percebe que funciona como macho estende o seu pene e introdúceo no corpo do percebe que funciona como femia, depositando os espermatozoides no interior da uña deste último.

A FECUNDACIÓN

Unha vez realizada a cópula, o percebe que funciona como femia transporta os óvulos producidos no ovario a unha bolsa chamada *ovisaco*, que se atopa na uña. Os espermatozoides entran nesta bolsa, e prodúcese a fecundación.

A INCUBACIÓN

Nos ovos formados a partir da fecundación comeza a desenvolverse o futuro percebe. Este é o período de incubación, que dura aproximadamente un mes.

A ECLOSIÓN

Pasado este tempo de incubación dun mes, rómpense as paredes do ovisaco e dos ovos, saíndo as larvas de percebe ó mar.

AS LARVAS

Os primeiros individuos que se forman a partir do ovo son moi distintos dos adultos. Chámanse larvas e viven nadando na auga. Pouco a pouco irán sufrindo cambios ata toma-la forma do adulto.

A FIXACIÓN

Cando aparecen as glándulas de cemento nas larvas, estas deixan de nadar, pegándose preferentemente ó pé dun adulto. Neste momento xa se transforman nun percebe diminuto.

Paseniñamente, eses pequenos percebes móvense baixando ata a rocha, onde se fixan definitivamente.

Como a lonxitude do percebe depende máis do lugar onde vive ca da súa idade, non é axeitado relaciona-lo tamaño do percebe coa súa madurez sexual. Pero o que si está relacionado coa madurez do animal é o ancho do capítulo. Así, diversos traballos realizados demostran que, cun ancho de 13,5 mm, os exemplares de percebe xa se poden reproducir.

LEMBRA QUE...

- O percebe é un crustáceo que vive pegado ás rochas en zonas moi batidas polo mar.
- Ten dúas épocas de posta, e a principal é no verán.
- É hermafrodita e pasa por un período larvario.
- No momento da fixación, no que morren moitas larvas, prefire pegarse ó pé dun adulto.

b) A EXPLOTACIÓN RACIONAL DESTE RECURSO: EXPLOTACIÓN ROTATORIA, RAREO, ENTRESACADO, CONSERVACIÓN DOS PERCEBES DA FRANXA INFRALITORAL.

Se temos en conta o seu particular modo de vida e as súas características biolóxicas, varias son as accións que podemos realizar na explotación do percebe para conseguilo maior rendemento posible sen esgota-los bancos naturais:

- Non extraer grandes cantidades de exemplares pequenos que aínda non se reproduciron, permitindo que cheguen á madurez sexual para que haxa novos desoves.

Na actualidade, o tamaño mínimo do percebe é de 4 cm de longo. Pola súa forma de vida, ó agruparse en piñas, sempre haberá exemplares pequenos na captura do percebe. Para sabermos se o lote é de talla legal, debe cumprirse ese requisito da talla no 60% en peso do lote total.

- **A EXPLOTACIÓN ROTATORIA:** consiste en dividi-la área percebeira en varias zonas ou tramos, abrindo cada un deses tramos en distintos momentos do ano, mentres os restantes permanecen pechados. Con isto o que conseguimos é unha extracción continuada durante toda a campaña, ó tempo que as pedras van recuperando a súa poboación percebeira.

- **O ENTRESACADO:** as crías do percebe teñen preferencia por pegarse no pé dos adultos, como xa dixemos. Por iso é mellor non limpar totalmente as pedras coa extracción, deixando grupos de percebes abondosos espallados pola superficie das rochas. Está demostrado que a repoboación é así 10 veces maior ca se se raspa a rocha por completo.

- **OS RAREOS:** cando hai moita cantidade de cría do percebe, prodúcese unha gran competencia entre eles, tanto polo espacio como polo alimento. Como resultado, atopámonos con exemplares de pouca calidade ou máis pequenos. Para evitar isto, é conveniente sacar parte da cría deixando espacio para que o resto medre axeitadamente.

- **O RESPECTO DA ZONA SUBMAREAL:** o percebe que vive nesta zona é unha gran reserva de reprodutores. Por iso é de gran importancia manter esta poboación que, ano tras ano, asegura a repoboación continuada das rochas.

A COMPETENCIA DO PERCEBE

Nas mesmas pedras nas que vive o percebe hai outras especies animais, como os mexillóns ou os arneiróns. Todas estas especies compiten entre elas polo espacio e o alimento, de tal xeito que, despois de raspar totalmente unha rocha percebeira, os primeiros que se pegan son os arneiróns e despois (case ó mesmo tempo) os mexillóns e os percebes.

LEMBRA QUE...

Todo canto se faga polos bancos percebeiros-as explotacións rotatorias, os entresacados ou o respecto polos percebes pequenos e polo percebe submareal é unha garantía de conseguir unha produtividade continuada e rendible deste produto.

- A **Orde do 6 de marzo de 2.000** regula a explotación do percebe como recurso específico no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

- **¿QUEN PODE IR Ó PERCEBE?:** unicamente aquelas persoas que teñan a certificación de percebeiros, que posúa o permiso habilitante correspondente para o exercicio desta actividade e estean inscritos nun plan de explotación de percebe aprobado para o ano que corresponda.

c) LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Orde do 6 de marzo de 2000, pola que se regula a explotación do percebe (*Pollicipes pollicipes*) como recurso específico no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 8 de novembro de 2000, pola que se regula a obtención dos certificados de cualificación necesarios para optar ós permisos de explotación de mariscador a pé e de recursos específicos.

FOLLA DE AUTOAVALIACIÓN

¿Por que se chaman bentónicos os percebeos?

.....
.....
.....
.....

¿Que factores son os máis importantes para un bo crecemento dos percebeos?

.....
.....
.....
.....

¿Por que desovan os percebeos na primavera ou no verán e non no inverno?

.....
.....
.....
.....

Fai un esquema do ciclo biolóxico do percebeo.

.....
.....
.....
.....
.....

¿Que medidas tomarías para obter unha produtividade continuada e rendible do percebeo?

.....
.....
.....
.....

Mm

MANUAL DE FORMACIÓN
PARA O MARISQUEO

